

ACTA NÚM. 5/2026.

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O
DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2026.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 9 de setembro de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
JOSÉ ANTONIO VIDAL GONZÁLEZ.
CARLOS NOYA PEREIRA.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.
TRINIDAD YOLANDA RICO RODRÍGUEZ.
EMILIO JESÚS APARICIO PÉREZ.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
MARTA ROMERO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do concello.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.06.2026.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.06.2026 AO 04.09.2026.

4º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2025.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE DESAFECTACIÓN DUNHA FRANXA DE TERREO ESCOLAR DO CEIP DE PEDROUZOS.

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 2/2026".

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

Dada conta do decreto da alcaldía do 28.08.2026, que transcrito di:

O Pleno do concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, por vacacións do persoal, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 2 de setembro ao mércores 9 de setembro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno para os efectos da súa ratificación.

Sometido a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda ratificalo.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 17.06.2026.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión anterior núm. 4/2026, do 17.06.2026.

Sometida a votación, o Pleno do concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.06.2026 AO 04.09.2026.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data Sinatura	Asunto
00361/2026	15/06/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 16.06.2026 ÁS 14:00 horas
00362/2026	15/06/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA ENVOLVENTE TÉRMICA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
00363/2026	15/06/2026	ADXUDICACION DEFINITIVA DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL - CURSO 2026/27
00364/2026	15/06/2026	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXA
00365/2026	15/06/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 239
00366/2026	15/06/2026	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. EXTRA XUÑO 2026.
00367/2026	16/06/2026	EMERXENCIA MUNICIPAL_01/2026_N.M.S.
00368/2026	16/06/2026	BASES DO VIII CONCURSO DE DEBUXO E PINTURA
00369/2026	16/06/2026	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL: PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO
00370/2026	17/06/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000039544
00371/2026	17/06/2026	APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA MAIORES 2026
00372/2026	17/06/2026	PADRÓN CONCILIA ENTROIDO 2026
00373/2026	17/06/2026	PADRÓN DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR FEBREIRO 2026
00374/2026	17/06/2026	APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA CONCILIA VERAN 2026
00375/2026	18/06/2026	ACTUALIZACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS APROBADA POR DECRETO 528/2025.
00376/2026	19/06/2026	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA PUBLICACIÓN NO DOG
00377/2026	19/06/2026	AUTOLIQUIDACIÓN TAXA AUGAS DE GALICIA
00378/2026	22/06/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 15.07.2026, ÁS 13:00H.
00379/2026	22/06/2026	RESOLUCIÓN DE DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA SOBRE O ESTADO DE CONSERVACIÓN DA CUBERTA E DOS ELEMENTOS COMÚNS DUN INMOBLE
00380/2026	22/06/2026	ALTERACIÓN CATASTRAL DUN CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE SAN SALVADOR
00381/2026	23/06/2026	RESOLUCIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS NUN VEHÍCULO. PA 0000128/2025
00382/2026	23/06/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000039603
00383/2026	23/06/2026	ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DUN PEÓN GES AO POSTO DE TRABALLO.
00384/2026	23/06/2026	BAIXA SAF DEPENDENCIA. EXPTE 05/2026-D
00385/2026	23/06/2026	NOMEAMENTO FUNCIONARIO/A INTERINO. AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA SERVIZOS SOCIAIS.
00386/2026	23/06/2026	APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL 2026
00387/2026	23/06/2026	TOMA DE COÑECEMENTO E AUTORIZACIÓN CAMBIO ARRENDADOR DO CONTRATO ARRENDAMENTO DE NAVE-ALMACÉN PARA BRIGADA DE OBRAS E SERVIZOS

00388/2026	25/06/2026	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XUÑO 2026.
00389/2026	25/06/2026	CONTRATACIÓN PERSOAL TEMPORAL. PROGRAMA : GALICIA SUMA TALENTO RURAL ACTIVA
00390/2026	26/06/2026	APROBACIÓN DA PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRACIÓN - OEP 2025.
00391/2026	26/06/2026	APROBACIÓN DA PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE OFICIAL TESOUREIRO - RECADADOR - OEP 2025.
00392/2026	26/06/2026	APROBACIÓN DA PROPOSTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE OFICIAL ADMÓN (AUXILIAR) - OEP 2025.
00393/2026	26/06/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN ESCOLAS MUSICAIS 2026 2027
00394/2026	26/06/2026	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. XUÑO 2026.
00395/2026	26/06/2026	BAIXA SAF DEPENDENCIA. EXPTE 25/2020-D
00396/2026	26/06/2026	BAIXA SAF MUNICIPAL. EXPTE 07/2025-M
00397/2026	26/06/2026	AMPLIACIÓN SAF EXPTE 06/2025-D
00398/2026	29/06/2026	CONTRATACIÓN ACTUACIÓNS REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2026
00399/2026	29/06/2026	NOMEAMENTO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA PRAZA VACANTE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO.
00400/2026	01/07/2026	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO 2026
00401/2026	01/07/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 12 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00402/2026	01/07/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 13 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00403/2026	01/07/2026	APROBACIÓN CERT. 4 OBRA MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.
00404/2026	01/07/2026	APROBACIÓN CERT. 5 OBRA MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.
00405/2026	01/07/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA VIARIO ALDEA DE CORUXIDO A SABAXÁNS
00406/2026	01/07/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XANTAR PARA A FESTA DOS MAIORES 2026
00407/2026	02/07/2026	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2026
00408/2026	02/07/2026	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2026
00409/2026	02/07/2026	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DAS AXUDAS PARA ESCOLARIZACION CURSO 2026/2027
00410/2026	02/07/2026	NOMEAMENTO OFICIAL ADMINISTRACIÓN (ADMINISTRATIVO/A) DA OEP 2025 POR PROMOCIÓN INTERNA
00411/2026	02/07/2026	NOMEAMENTO OFICIAL TESOUREIRO/A - RECADADOR/A DA OEP 2025 POR PROMOCIÓN INTERNA
00412/2026	02/07/2026	NOMEAMENTO OFICIAL ADMINISTRACIÓN (AUXILIAR) DA OEP 2025 POR PROMOCIÓN INTERNA
00413/2026	02/07/2026	CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN BAS BASES E CONVOCATORIA AXUDAS ESCOLARIZACIÓN 26/27
00414/2026	02/07/2026	ALTA SAF MUNICIPAL. EXPTE 07/2026-M
00415/2026	03/07/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 240
00416/2026	03/07/2026	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO 9/2026
00417/2026	06/07/2026	AMPLIACION SAF. EXPTE 04/2024-D
00418/2026	06/07/2026	APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA ESCOLAS DE MÚSICA PÚBLICAS 2026

00419/2026	06/07/2026	APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO LIMPEZA CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAL POLIVALENTE
00420/2026	06/07/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 07.07.2026 ÁS 14:00 HORAS
00421/2026	06/07/2026	RESOLUCIÓN DE PRIMEIRAS ALEGACIÓNS ORDINARIO EN MATERIA DE TRÁFICO 6046/2026
00422/2026	06/07/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN FINAL OBRA AMPLIACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO NA ALDEA DE PEDROUZOS
00423/2026	06/07/2026	PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA SEGUNDO TRIMESTRE CURSO 2025/2026
00424/2026	07/07/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000039681
00425/2026	08/07/2026	APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN PARCIAL DA AXUDA DE EMERXENCIA 01/2026 N. M. S.
00426/2026	08/07/2026	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO M. J. L. S.
00427/2026	08/07/2026	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN ESCOLA DE MÚSICA XUNTA (ED314E)
00428/2026	10/07/2026	APROBACIÓN 1ª PRÓRROGA DO CONTRATO DE REVISIÓN E MANTENIMENTO DE ASCENSORES.
00429/2026	10/07/2026	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CONTRATO DE SERVIZOS GABINETE DE COMUNICACIÓN
00430/2026	10/07/2026	DEVOLUCION FIANZA CONSTRUCCIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR EN PIÑEIRO 43. OS ÁNXELES
00431/2026	10/07/2026	RELACION DE FACTURAS F/2026/18 CONTRATO
00432/2026	10/07/2026	RELACION DE FACTURAS F/2026/19
00433/2026	10/07/2026	BAIXA SAF MUNICIPAL. EXPTE 07/2026-M
00434/2026	10/07/2026	ALTA SAF DEPENDENCIA. EXPTE 08/2026-D
00435/2026	13/07/2026	RENUNCIA DUN FUNCIONARIO INTERINO AO POSTO DE AUXILIAR ADTVO DE SERVIZOS SOCIAIS (POS 2026)
00436/2026	14/07/2026	CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓND A AXUDA DE EMERXENCIA 01/2026
00437/2026	14/07/2026	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA CONTRATO DE SUBMINISTRO DE ADQUISICIÓN DE TRACTOR JOHN DEERE. MODELO G130
00438/2026	14/07/2026	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XUÑO 2026. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00439/2026	14/07/2026	DECLARANDO DESERTA A LICITACIÓN DA OBRA DE MELLORA ENVOLVENTE TÉRMICA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.
00440/2026	14/07/2026	DEVOLUCION FIANZA OBRAS DE INFRAESTRUTURA SOTERRADA DE LIÑA DE BAIXA TENSIÓN EN GUISANDE S/N. OS ÁNXELES
00441/2026	16/07/2026	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO 01/2026.
00442/2026	16/07/2026	APROBACIÓN SUSPENSIÓN PRAZO POSESORIO POR SITUACIÓN DE INCAPACIDADE LABORAL TRANSITORIA
00443/2026	20/07/2026	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XULLO 2026.
00444/2026	20/07/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 21.07.2026 ÁS 14:00 HORAS.
00445/2026	21/07/2026	PADRÓN TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA. SEGUNDO TRIMESTRE 2026
00446/2026	21/07/2026	CANON CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR

		NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DE BRIÓN. XUÑO 2026
00447/2026	22/07/2026	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR XERACIÓN DE CRÉDITO 10/2026
00448/2026	22/07/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: LIMPEZA DA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE OS ÁNXELES.
00449/2026	22/07/2026	NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO INTERINO PARA O DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS (AUXILIAR)
00450/2026	22/07/2026	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL
00451/2026	24/07/2026	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO 2026
00452/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PERSONACIÓN NO PO 0000167/2026. RECURSO CONTENCIOSO - ADMINSTRATIVO INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MAIA-SAR
00453/2026	24/07/2026	PADRÓN SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MARZO 2026
00454/2026	24/07/2026	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2026.
00455/2026	24/07/2026	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR POLO SUBMINISTRO DUN PUNTO LIMPO MÓBIL (REMOLQUE)
00456/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES XANEIRO 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00457/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES FEBREIRO 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00458/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES MARZO 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00459/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES ABRIL 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00460/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES MAIO 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00461/2026	24/07/2026	RESOLUCIÓN DE PAGO COTA MES XUÑO 2026 POLA XESTIÓN DOS RSU. MANCOMUNICADE DO BARBANZA
00462/2026	27/07/2026	AVOCACIÓN DE COMPETENCIA E APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN VILLA AMALIA
00463/2026	28/07/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN REMODELACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL JOSÉ PUMAR DE BASTAVALES - BRIÓN
00464/2026	28/07/2026	PADRÓN CONCILIA PASCUA 2026
00465/2026	28/07/2026	CORRECCIÓN ERRO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO 2026
00466/2026	29/07/2026	ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR CREACIÓN DE APARCAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE VARIAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.
00467/2026	29/07/2026	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS ESCOLAS MUSICAIS 2026/2027.
00468/2026	30/07/2026	ADXUDICACIÓN CONTRATO DO SERVIZO DE XANTAR PARA A FESTA DOS MAIORES 2026
00469/2026	31/07/2026	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2026
00470/2026	31/07/2026	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2026
00471/2026	31/07/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA DE INVESTIMENTO NO PALCO DE MÚSICA DA CARBALLEIRA E DIVULGACIÓN DOS RECURSOS DO TERRITORIO.
00472/2026	03/08/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000566161 CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021
00473/2026	03/08/2026	CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA PARA O DÍA 04.08.2026, ÁS 14:00 HORAS

00474/2026	04/08/2026	RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/20 CONTRATO
00475/2026	04/08/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 241
00476/2026	04/08/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 242
00477/2026	05/08/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA MELLORA VIARIO CORUXIDO A SABAXÁNS- POS + ADICIONAL 2/2025
00478/2026	05/08/2026	APROBACIÓN CERT. 6 OBRA MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.
00479/2026	05/08/2026	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚM. 14 DA OBRA ACONDICIONAMENTO AC-543 PP.QQ. 8+390 AO 9+870.
00480/2026	05/08/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 243
00481/2026	06/08/2026	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DO 17.06.2026 DE MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL
00482/2026	06/08/2026	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SERVIZO LIMPEZA EDIFICIOS PÚBLICOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS
00483/2026	11/08/2026	PADRÓN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN E INSERCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2025/2026
00484/2026	10/08/2026	RESOLUCIÓN DE ACOMPAÑAMENTO NA FESTA DOS MAIORES 2026 DUNHA TRABALLADORA MUNICIPAL
00485/2026	11/08/2026	DEVOLUCION FIANZA CONSTRUCCIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR EN AVDA. VICENTE RAMOS 19. OS ÁNXELES
00486/2026	11/08/2026	CANON CONTRATO CONCESION DE SERVIZOS DE CAFE-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE. XULLO 2026
00487/2026	13/08/2026	PADRÓN CONCILIA VERÁN E CAMPAMENTO VERÁN 2026
00488/2026	17/08/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000040050
00489/2026	18/08/2026	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XULLO 2026. MOD. IRPF 111, 115 E IVE 303
00490/2026	18/08/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000040220
00491/2026	18/08/2026	RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO REC 02/2026. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL.
00492/2026	19/08/2026	RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/21 CONTRATO
00493/2026	19/08/2026	ASIGNACIÓN A CONCELLEIROS POR ASISTENCIAS A SESIÓNS 01.01.2026 AO 31.07.2026
00494/2026	19/08/2026	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 244
00495/2026	19/08/2026	RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/23 OMISION
00496/2026	19/08/2026	RELACIÓN DE FACTURAS F/2026/22
00497/2026	19/08/2026	RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. AGOSTO 2026.
00498/2026	19/08/2026	PADRÓN TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA. SEGUNDO TRIMESTRE 2026
00499/2026	20/08/2026	APROBACIÓN CONVENIO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO INSERAMESBRION 2026
00500/2026	21/08/2026	LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO PARA 2027
00501/2026	21/08/2026	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2026.
00502/2026	24/08/2026	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA. EXPTE 10/2025
00503/2026	24/08/2026	BAIXA SAF DEPENDENCIA. EXPTE 13/2023/D
00504/2026	28/08/2026	APRAZAMENTO DA DATA DE CELEBRACIÓN DO PLENO

		ORDINARIO DE SETEMBRO
00505/2026	31/08/2026	BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2026
00506/2026	31/08/2026	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2026
00507/2026	31/08/2026	ADSCRICIÓN DE PERSOAL AO CONVENIO TRATAMENTOS PREVENTIVOS 2025-2026. ANUALIDADE 2026.
00508/2026	02/09/2026	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000462963
00509/2026	02/09/2026	ACORDO DE INICIO DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO 99500000040381
00510/2026	02/09/2026	APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DA XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ
00511/2026	03/09/2026	CONVOCATORIA DA COMISION INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 08.09.2026, ÁS 13.15H.
00512/2026	03/09/2026	CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) DO 08.09.2026, ÁS 13.00H.
00513/2026	04/09/2026	CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 09.09.2026, ÁS 13:00H.

O Pleno toma coñecemento.

4º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2025.

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.08.2026, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do concello de 2025, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 15 de xullo de 2026, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 136, do 21 de xullo de 2026, e non presentándose durante dito prazo ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do concello de 2025.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DE DESAFECTACIÓN DUNHA FRANXA DE TERREO ESCOLAR DO CEIP DE PEDROUZOS.

Dada conta da proposta da alcaldía do 30.06.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.09.2026, que transcrita di:

Antecedentes:

No inventario de bens e dereitos municipais deste concello figura afectado ao servizo público de educación, o seguinte inmovible:

1222007 COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE BRIÓN.

Edificio urbano e terreos adxacentes situado no lugar de Pedrouzos, parroquia de San Fins de Brión. Linda: ó norte, propiedade municipal, porción restante da finca 688; sur, camiño de Concentración Parcelaria; leste, camiño construído por Concentración Parcelaria; oeste, propiedade do Concello, finca núm. 617 e porción da 688. Superficie: 10.000 m². Agrupación de fincas do seguinte xeito: parcela núm. 615 a, adquirida a D^a Jesusa Pombo Mayo, 3.663 m²; parcela núm. 616 de D^a María Túñez Esparís, 3.780 m² segregados da propiedade do Concello, parcela 688. **Referencia catastral: 6559414NH2466S0001YO.**

Este solar foi ofrecido ó Ministerio de Educación e Ciencia para a construción do Grupo Escolar de Brión en virtude de acordo do Concello Pleno adoptado en sesión de 24 de marzo de 1973.

O Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Alcaldía de Brión asinaron con data 20.05.2025 un PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE BRIÓN PARA A MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS, que ten por obxecto: A finalidade deste Protocolo é establecer as bases da cooperación da Xunta de Galicia e a o Concello de Brión destinada a conseguir un obxectivo interese público e común, consistente na mellora das infraestruturas educativas do Concello e o uso compartido das instalacións.

Sendo os compromisos das partes:

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional comprométese a:

- Tramitar os instrumentos xurídicos necesarios para a redacción e aprobación do proxecto e a execución da obra de rehabilitación e no seu caso ampliación do patio cuberto do CEIP Pedrouzos.

- **A Consellería comprométese previa petición do Concello, á desafectación do uso educativo dunha franxa de terreo de aproximadamente 200m² nos terreos onde se empraza o CEIP Pedrouzos para a execución polo Concello do proxecto de creación dunha parada de autobús.**

O Concello de Brión comprométese a:

- Tramitar os instrumentos xurídicos necesarios para redactar e aprobar a documentación técnica necesaria e a execución da obra para a cubrición dos laterais do patio do IES de Brión.

- Tramitar os instrumentos xurídicos necesarios para redactar e aprobar a documentación técnica necesaria e a execución da obra para construción dunha parada de autobús no CEIP Pedrouzos.

Neste acordo e atendendo ás necesidades derivadas da execución do proxecto de “Mellora e Acondicionamento do Complexo Deportivo Municipal de Pedrouzos”, a Xunta de Galicia comprometeuse á desafectación dunha franxa de terreo escolar de aproximadamente 200 m2 para uso educativo, de forma que o Concello de Brión poida construír unha dársena de autobuses que mellore o servizo de transporte para os alumnos dos centros educativos mencionados.

En relación co exposto e atendendo ás necesidades da correcta execución de dito proxecto, o Concello de Brión precisa a mellora dos accesos ao complexo deportivo e aos centros escolares, IES de Brión e CEIP de Pedrouzos, que se atopan localizados a escasos metros un do outro, no núcleo urbano do Concello. Entre os dous centros suman un total de 969 alumnos coa necesidade de mobilizar diariamente 18 autobuses.

Ámbito das actuacións dentro do núcleo urbano de Pedrouzos




Na actualidade os acceso á zona escolar e deportiva de Pedrouzos caracterízase por presentar pavimentos notablemente deteriorados, incluso zonas sen pavimentar, aparcamento escaso e beirarrúas que non dan cumprimento á normativa vixente en materia de accesibilidade. Ademais a zona destinada ó estacionamento dos autobuses no se atopa segregada do tráfico peonil, o que supón un perigo para os seus usuarios, sendo estes, principalmente, nenos e nenas.



Pavimentos deteriorados e beirarrúas estreitas



Zona destinada á parada dos autobuses escolares



Aparcamento sen pavimentar

As actuacións de mellora do acceso contemplan a creación dun aparcadoiro de autobuses cuberto, preparado para as inclemencias do tempo; a mellora dunha zona de aparcadoiro de vehículo privado e a mellora dos pavimentos e obras precisas para facer a zona accesible para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida.

As accións proxectadas terán lugar dentro do solo clasificado como urbano consolidado polo PXOM e cualificado como equipamentos deportivos e escolares.



Plano de ordenación do PXOM

A reordenación do espazo urbano no acceso ao Polideportivo e Colexio permitirá mellorar o transporte colectivo diario dos alumnos e garantir a súa seguridade.

Hai que resaltar que entre os dous centros escolares, utilízanse cada día 18 autobuses para trasladar o alumnado entre os centros e as súas poboacións de orixe. Os autobuses utilizados precisan zonas adecuadas e adaptadas de aparcamento e unha cuberta para protexer aos alumnos das inclemencias do tempo.

Ademais, Brión defínese como un concello vivo e con previsión de crecemento demográfico (especialmente de familias novas con fillos), o que garante unha demanda sostida dos centros escolares a medio e longo prazo, e consecuentemente da necesidade de espazos de aparcamento e accesos adaptados. A poboación creceu nos últimos anos de forma significativa (un 2,8%, de acordo cos datos extraídos do Instituto Galego de Estatística) debido á próxima localización da cidade de Santiago de Compostela. Neste sentido, a capital municipal é o principal núcleo de poboación.



Detalle da planta de actuación no acceso ó Complexo Deportivo de Brión

En canto á previsión de actuacións, renovarase o paquete de firme do viario, xerarase unha nova zona de aparcamento na marxe esquerda do viario de acceso e acondicionarase a existente no extremo norte.

Polo que respecta ó tráfico peonil executaranse beirarrúas de 2.50 metros de ancho mínimo, dando así cumprimento á normativa vixente en materia de accesibilidade.

Construirase unha dársena para o estacionamento dos autobuses cuberta e segregada do tráfico peonil. Esta dársena prolongarase ó longo do viario de acceso para permitir que os desprazamentos entre os accesos á zona escolar e dende a nova zona de aparcamento se realicen a resguardo da chuva.

Previamente ó inicio das obras é preciso proceder á demolición dos pavimentos existentes que non sexan compatibles coa nova solución proxectada e á demolición de muros e peches, así coma á retirada de sinais, árbores e postes de subministración e á adaptación de pozos de rexistro e arquetas á cota da nova rasante.

A ampliación da plataforma requirirá a execución dun muro de contención de terras executado en formigón armado, que se prolongará 2 metros dende o terreo para actuar como muro de peche do recinto escolar.


Tamén se contempla a renovación completa da rede de alumeado público mediante canalización soterrada e arquetas, columnas de aceiro galvanizado de 9 metros con luminaria LED nas beirarrúas e proxectores ó longo da dársena.

Para a zona de estacionamento de autobuses proxéctase unha dársena cuberta de 12,50 metros de ancho con estrutura de aceiro laminado e cuberta de paneis sandwich illantes de aceiro.

Ó longo da beirarrúa esquerda do viario de acceso disporase tamén estrutura cuberta de 3,50 metros de ancho de aceiro laminado e cuberta de paneis sandwich illantes de aceiro.

As actuacións complétanse coa sinalización horizontal e vertical da estrada e coa colocación dunha varanda modular urbana para a contención de peóns. Tamén se colocarán 5 bancos e 10 papeleiras.

En conclusión e despois do resumo realizado, para a execución da actuación precísase ocupar 246 m2 da parcela con referencia catastral 6559414NH2466S0001YO, de titularidade municipal, na que se sitúa o CEIP de Brión, polo que este Concello solicita a súa desafectación.



Superficie necesaria a desafectar do CEIP Brión para executar a actuación proposta.

Por esta alcaldía se considera oportuno proceder á desafectación de parte do inmovible referenciado polos motivos expostos, polo que se estima conveniente tramitar expediente para a desafectación de parte deste inmovible do uso educativo para afectalo ao uso do proxecto de creación dunha parada de autobús.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

1º) Aprobar inicialmente a desafectación e mutación demanial do servizo público de parte do inmovible do CEIP de Pedrouzos, **246 m2 da parcela con referencia a catastral 6559414NH2466S0001YO**, da súa actual finalidade e a súa afectación simultánea ao servizo público de parada de autobús escolar, como mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

2º) Solicitar autorización previa á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo o procedemento establecido no Real Decreto 605/1987, do 10 de abril.

3º) Unha vez obtida a autorización antedita, publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello, polo prazo dun mes en virtude do disposto nos artigos 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, art. 8 do Regulamento de bens das entidades locais, e artigos 71 e 72 da Lei do patrimonio das administracións públicas, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen pertinentes.

4º) No caso de formularse alegacións durante o trámite de información pública, serán resoltas pola corporación, considerándose aprobada definitivamente a desafectación da parte do inmovible do uso de educación infantil e a súa afectación simultánea ao uso de parada de autobús escolar para o caso de que non se formulasen.

5º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a xestión e execución do acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

6º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 2/2026”.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.09.2026, que transcrita di:

Vista a Circular da Deputación da Coruña de data abril 2026 sobre elaboración do POS + ADICIONAL 2/2026, onde se recolle o procedemento para as solicitudes da primeira e segunda fases, e resultando que a primeira fase xa foi solicitada por esta alcaldía mediante resolución de data 04.05.2026 en execución do acordo plenario de data 04.02.2026, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ADICIONAL 2/2026**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2026, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2026 base ou POS+Adicional 3/2026	-----

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+2026 e NON solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2026	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	-----	-----	-----	-----	-----

Investimentos financeiramente	Financiamento dos investimentos
-------------------------------	---------------------------------

sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
Mellora núcleo A Graña e outros	118.090,25	---			118.090,25
Mellora núcleo Brans de Arriba e outros	316.835,41	---			316.835,41
Mellora accesos en Gronzo	43.831,57	44.729,29			88.560,86
TOTAL	478.757,23	44.729,29			523.486,52

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 e que se relacionan nesta táboa.

C) Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial

Redución de débeda	Deputación
Achega provincial aplicada á redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial	28.769,67

D) Resumo de financiamento:

POS+ADICIONAL 2/2026 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2026 distintos dos solicitados no Plan Base					
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2026					
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2026	478.757,23	44.729,29			523.486,52
Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial	28.769,67				28.769,67
TOTAL	507.526,90	44.729,29			552.256,19

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para

facér fronte á achega municipal aos investimentos incluídos neste Plan se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votaremos a favor, aínda que non houbo reunións previas con nós, pero van A Graña e Gronzo que son actuacións que xa solicitamos nós anteriormente, máis aló das formas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

7º) PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.

Dada conta da proposta da alcaldía do 19.08.2026, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 08.09.2026, que transcrita di:

A Xunta de Goberno Local do concello en sesión de data 19.05.2026, adoptou o seguinte acordo:

“NOVENO.- APROBACIÓN INICIAL DE ESTUDO DE DETALLE.

a) Deuse conta do documento denominado: Estudo de detalle para fixación de aliñacións do solo urbano consolidado (UC1) de San Salvador de Bastavales, presentado por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que actúa en representación de UNICA ESPACIOS EFICIENTES, S.L., asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede o 29/04/2026, na parcela con referencia catastral 7724111NH2472N0001KY, situada en San Salvador de Bastavales.

Visto o informe técnico-xurídico favorable do 13.05.2026, asinado pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, a Xunta de Goberno Local como órgano competente do concello, por delegación da alcaldía do 26.06.2023 (BOP 30.06.2023), por unanimidade acorda:

1º) Aprobar inicialmente o documento Estudo de detalle para fixación de aliñacións do solo urbano consolidado (UC1) de San Salvador de Bastavales referenciado, e sometelo a información pública como mínimo durante un mes, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, consonte co establecido no artigo 80.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Á vista do resultado do trámite de información pública, o Pleno como órgano competente do concello aprobarao definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.”

Realizada a notificación aos titulares catastrais dos terreos afectados que consta no expediente e a publicación dos edictos de exposición pública no xornal El Correo Gallego do 19.06.2026 e no Diario Oficial de Galicia do 15.07.2026, con data 17.08.2026 rematou o prazo de exposición pública, non téndose presentado ningún escrito de alegacións, segundo certificación de secretaría que consta no expediente.

Unha vez cumpridos os trámites legalmente establecidos, e transcorrido o período de exposición pública, procede levar a cabo a aprobación definitiva do Estudo de detalle.

A competencia para a aprobación definitiva correspóndelle ao Pleno segundo o art. 22.2.c. da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local (en adiante LRBRL).

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar definitivamente o Estudo de detalle para fixación de aliñacións do solo urbano consolidado (UC1) de San Salvador de Bastavales, presentado por Teresa de Jesús Molino Pizarro, que actúa en representación de UNICA ESPACIOS EFICIENTES, S.L., asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede o 29/04/2026, na parcela con referencia catastral 7724111NH2472N0001KY, situada en San Salvador de Bastavales.

2º) Este acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo no Diario Oficial de Galicia, remitirase á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a documentación esixida polo artigo 88.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para os efectos de inscribir o Estudo de detalle no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia, consonte co establecido nos artigos 199.4, 209.1, 212.2 e 215 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, do Regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do BNG (3).

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) MOCIÓN.

Aprobouse por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia dos seguintes asuntos:

8.1. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL.

Dada conta do decreto-proposta da alcaldía do 18.08.2026, que transcrito di:

ASUNTO: RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO REC 02/2026. PROPOSTA DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL.

EXPEDIENTE: 2026/G003/000518

ANTECEDENTES:

Visto que o Pleno da Corporación, en sesión de data 17 de xuño de 2026, acordou aprobar un recoñecemento extraxudicial de crédito por importe total de 133.783,76 €.

Visto que dentro da relación de facturas aprobadas consta unha presentada por Comercial Manuel Lata S.L. (F/2025/2992, por importe de 17,55 €).

Visto que, consecuencia dun erro material no programa de contabilidade, se lle aplicou unha retención en concepto de IRPF de 10,00 €.

Visto que, con data límite de 20 de agosto de 2026, é necesario declarar ante a AEAT as retencións practicadas no mes anterior.

Comprobado que a factura de referencia non debe ser declarada por canto que a retención non é procedente, RESOLVO:

1º. Comunicar ao servizo de Tesourería que non declare o importe da retención que consta na factura F/2025/2992 emitida por Comercial Manuel Lata, S.L., por tratarse dun erro material.

2º. Elevar ao Pleno da Corporación, na próxima sesión que celebre proposta para a corrección do seguinte erro material:

Sesión do Pleno de 17 de xuño de 2026.

Punto 7º) Proposta da Alcaldía sobre recoñecemento extraxudicial de créditos 02/2026:

Onde di:

Nº ENTRADA	FECHA	IMPORTE TOTAL	DESCUENTO	IMPORTE LÍQUIDO	NOMBRE	TEXTO EXPLICATIVO
F/2025/2992	04/12/2025	17,55	10,00	7,55	COMERCIAL MANUEL LATA, S.L.	FRA. N° 4503746/01; TUBO SAE100R17 3/8, C2R

Debe dicir:

Nº ENTRADA	FECHA	IMPORTE TOTAL	DESCUENTO	IMPORTE LÍQUIDO	NOMBRE	TEXTO EXPLICATIVO
F/2025/2992	04/12/2025	17,55	0,00	17,55	COMERCIAL MANUEL LATA, S.L.	FRA. N° 4503746/01; TUBO

						SAE100R17 3/8, C2R
--	--	--	--	--	--	-----------------------

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (4) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE O BONO CONCILIA 2026.

Dada conta da moción referenciada, que transcrita di:

Exposición de motivos.

Vimos de coñecer que a Consellería de Política Social fixo público, de xeito retroactivo, as condicións para que as familias que contrataron hai meses campamentos de verán para poder conciliar, poidan acceder agora ás axudas do seu Bono Concilia. Por unha banda, as axudas non van a quen máis o precisa, senón que teñen un orzamento pechado e, cando remate o orzamento, remata a concesión das axudas.

Por outro lado, como xa avanzou a propia conselleira, quedarán excluídas das axudas aquelas familias que tiveron contratado campamentos municipais ou doutras administracións. E só terán dereito á subvención as que contrataron campamentos privados.

Tanto o xeito de acceder ás axudas á conciliación, como a medida restritiva de excluír das axudas ás familias que contrataron campamentos doutras administracións; non deixan de ser sorprendentes se o que se pretende á dar soporte ás familias que máis o precisan desde o punto de vista socio económico. Primeiro porque as familias fan o esforzo previo sen saber se van a percibir as axudas. E porque a necesidade de conciliar fai que opten tanto aos campamentos de administración públicas como privados.

En Brión contamos cun sistema de pagos progresivo, no que se valora o que pode pagar cada familia, polo que se fai un estudo da situación de cada familia para saber o que pode pagar. É dicir, aplícase unha porcentaxe específica a cada situación. Por iso hai familias que igual están pagando 300 euros, outra familia paga 70 euros e outra non paga absolutamente nada. Non é unha taxa fixa, cada familia achega en función da súa situación económica.

A Xunta só informou da restrición das condicións da axuda cando as familias xa contrataran o servizo de campamentos, ao igual que aconteceu coas subvencións para mercar libros de texto que se deron o ano pasado.

Por todo o exposto, o Pleno Municipal de Brión acorda:

1.- Instar ao Concello de Brión a continuar financiando unha parte importante do custe económico das actividades de conciliación que organiza (Concilia, Campamentos...) atendendo ás circunstancias socioeconómicas de cada familia e prestando unha atención personalizada a cada solicitude.

2.- Instar á Xunta de Galicia a planificar e concretar os obxectivos reais da política de bonos da Consellería de Asuntos Sociais, para evitar situacións como as vividas cos Bonos Concilia.

3.- Instar á Xunta de Galicia a modificar o sistema de acceso aos Bonos Concilia, de xeito que sigan un sistema semellante ao aplicado no Concello de Brión e se baremen as condicións económicas, sociais e de vulnerabilidade das familias e os menores; así como as axudas ás familias que teñan solicitado campamentos á administracións públicas de xeito que o pago deste servizo non lesione a situación socioeconómica dos mesmos.

4.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha liña de axudas para aquelas familias que quedaran fóra na convocatoria presente de 2026 e teñan unha situación socioeconómica que así o xustifique.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o expositivo da moción ten que ver coa pregunta feita para este Pleno polo BNG, e pregunta que cando foi presentada, respondendo o Sr. Alcalde que hoxe pola mañá.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que presenta unha emenda in voce de adición no senso de engadir un apartado dispositivo máis ao acordo a adoptar no senso de que o concello avalíe a posibilidade de financiamento dos gastos das familias no caso de que a Xunta de Galicia non achegue os fondos necesarios.

O Sr. Alcalde sinala que o concello xa achega moitos cartos, hai baremos polos que pagan todos os veciños e entendo que así debe ser, e finalmente sinala que se acepta a emenda presentada.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada, deuse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6) e BNG (3).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (4) .

En consecuencia queda aprobado o seguinte acordo:

1.- Instar ao Concello de Brión a continuar financiando unha parte importante do custe económico das actividades de conciliación que organiza (Concilia, Campamentos...) atendendo ás circunstancias socioeconómicas de cada familia e prestando unha atención personalizada a cada solicitude.

2.- Instar á Xunta de Galicia a planificar e concretar os obxectivos reais da política de bonos da Consellería de Asuntos Sociais, para evitar situacións como as vividas cos Bonos Concilia.

3.- Instar á Xunta de Galicia a modificar o sistema de acceso aos Bonos Concilia, de xeito que sigan un sistema semellante ao aplicado no Concello de Brión e se baremen as condicións económicas, sociais e de vulnerabilidade das familias e os menores; así como as axudas ás familias que teñan solicitado campamentos á administracións públicas de xeito que o pago deste servizo non lesione a situación socioeconómica dos mesmos.

4.- Instar á Xunta de Galicia a habilitar unha liña de axudas para aquelas familias que quedaran fóra na convocatoria presente de 2026 e teñan unha situación socioeconómica que así o xustifique.

5.- O concello avaliará a posibilidade de financiamento dos gastos das familias no caso de que a Xunta de Galicia non achegue os fondos necesarios.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

9.1. Rogos e preguntas formulados polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE AS OBRAS NA ZONA DO TREMO.

Recibimos queixas de moitos veciños e veciñas, a maioría residentes na contorna do Tremo e aldeas pero tamén os que utilizamos de forma habitual a estrada cara Bertamiráns, é dicir toda Brión da forma en que se están a realizar as obras, dos atrancos, das irregularidades no funcionamento dos semáforos de paso e sobre todo do estado en que está a quedar a incorporación dende a urbanización a Bertamiráns, con pouca visibilidade e evidente risco. Solicitamos un maior control e axilidade nas obras así como a colocación dun espello que permita aos usuarios a incorporación con moita máis visibilidade.

Como poden ver, é absolutamente o mesmo rogo que trouxemos no mes de xuño, porque malia o compromiso de mellora e solución da seguridade viaria e de accesos e incorporacións para a veciñanza, seguen as queixas e os riscos máis que evidentes de accidentes. Rogamos actúen e insten á empresa a solucionar as carencias en materia de seguridade o máis urxente posible.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebral Gómez que si, vemos que é o mesmo rogo que trouxeron en xuño, pero tamén moi semellante aos que trouxeron noutros meses. Vostedes continúan coa súa teima de criticar unha das obras máis importantes que se teñen realizado neste concello. Fixérono case dende o primeiro día e buscando todo tipo de argumentacións. Os semáforos funcionaron ata o de agora perfectamente, non houbo incidencia ningunha.

Para nós, como xa dixemos tamén neste pleno, a empresa está a facer moi ben o seu traballo, con axilidade e eficiencia, e agardamos que agora que retoman as obras tras as vacacións poidamos completar toda a actuación. Sobre as queixas, vólvolle dicir o mesmo que noutras ocasións, non temos ningunha queixa nin por escrito nin por ningún outro medio sobre atrancos, semáforos ou como se están a facer as obras.

A única excepción é a cuestión das incorporacións dende a urbanización do Tremo, aí si que temos constatado queixas veciñais, feitas chegar á policía local de forma verbal, e dende o concello xa instamos á empresa a mellorar a visibilidade desas incorporacións; por esa razón, non se vai colocar un maceteiro cunha gran árbore ao remate da estrada diante do aparcadoiro do balneario, tal e como estaba previsto no proxecto, consideramos que reduciría a visibilidade da estrada e verá como está deixado o espazo para ela, pero non se colocou nin se vai colocar.

E se é preciso facer algunha actuación máis, farase, pois este goberno é o primeiro que desexa que as obras queden o mellor posible e que a seguridade tanto de peóns como de condutores quede garantida. Lémbrolle, por exemplo, que unha das actuacións que quedan por executar é precisamente o “calmado” do tráfico, a través da redución da velocidade de todos os vehículos que transiten por esta futura travesía, que será moi diferente ao que agora mesmo está

permitido, e iso tamén vai cambiar moito a seguridade nas incorporacións dende a urbanización.

2. SOBRE O SEGUIMENTO DA CALIDADE DA AUGA NAS FONTES DE BRIÓN.

Moitas son as familias deste concello que beben diariamente auga dalgunha das fontes públicas que existen nas nosas aldeas.

Solicitamos que o concello mande analizar cada certo tempo a calidade da auga das fontes (cando menos daquelas máis utilizadas), e que se publiquen os resultados das análises na web municipal para a información de veciños e veciñas.

No caso que as análises determinen que a auga non é potable solicitamos que se avise á veciñanza para evitar posibles problemas de saúde pública.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que tomamos nota do rogo; agradecemos esta achega e estudaremos a elaboración dun programa de control das fontes públicas priorizado segundo a súa utilización. Iso si, tamén lles dicimos que farase dentro dun marco temporal e de recursos razoable, que é como se está a facer naqueles concellos galegos que fan estas análises.

O Sr. Alcalde sinala que a traída municipal clorada é a única forma, senón as analíticas nunca dan ben; en Guitiande, por exemplo, da que non é potable, e como entendemos facilmente non pode facerse; a única maneira sería poñer unha fonte municipal de auga clorada botando por alí.

3. SOBRE A SITUACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE CORNANDA.

Hoxe temos que volver a traer a este Pleno a situación de abandono do campo de fútbol da Cornanda, un asunto que este grupo leva meses denunciando e que o goberno municipal parece querer dar por 'rematado' sen crítico nin solución.

Naquel momento, a Sra. Concelleira Cebal Gómez respondeunos textualmente que co requirimento de cese de actividade á empresa do motocross 'aí rematou o tema', e que as porterías se colocarían 'cando teñamos persoal'.

Pois ben, pasaron os meses, o concello segue sen repoñer as porterías, a contorna continúa nun estado deplorable e o compromiso de que a empresa promotora devolvería o campo ao seu estado inicial quedou en papel mollado. As veciñais e veciños de Cornanda seguen pagando as consecuencias de que este goberno non exixa cumprir os seus compromisos privados á empresa. A falta de persoal non pode ser unha escusa perpetua para a desidia.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas:

Que accións legais ou administrativas concretas realizou este concello para obrigar á empresa promotora a financiar ou executar a reversión total do campo ao seu estado inicial, tal e como estaba acordado?

Cando se vai proceder, de xeito inmediato, á instalación das novas porterías para que a xente da parroquia poida volver a ter o campo de fútbol á súa disposición?

Ten previsto este cogoberno realizar algún tipo de actividade para fomentar o deporte nas aldeas desa zona municipal? ou continuamos na política de abandono do lecer nas aldeas desa zona de Brión?

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que en primeiro lugar, nin desidia nin abandono; o que non podemos dende un concello é actuar como faría un particular ou unha empresa, entre outras cousas porque vostedes serían os primeiros en afearnos ese comportamento. Este concello, como non pode ser doutro xeito, cumprirá e fará cumprir o convenio que tiña co Club de Motocross, non lles quede dúbida. De feito, xa lles instamos a que, para comezar, recollan o material do club que deixaron na zona.

As porterías que tanto lle preocupan, xa están listas e nun depósito municipal dende hai tempo, pero colocaranse ao final de todo, cando o campo volva ao seu estado inicial, e sobre se temos previsto realizar algunha actividade para promover o deporte ou o lecer en Cornanda, dicirlles que acabamos de acometer melloras no parque infantil e tiñamos un plan para promover unha actividade deportiva nova no municipio, como era o motocross, nun recinto onde non se molestaba a ninguén e se lle daba por fin uso a unhas instalacións que levan máis dun cuarto de século sen seren empregadas por ninguén e para ningunha actividade.

Nós continuaremos mellorando as infraestruturas deportivas para todos os veciños e veciñas de Brión e promovendo actividades deportivas e de lecer, e xa lle digo que en fútbol, Brión está máis que servido:

- coa inversión que fixemos no campo da Luaña.
- coa remodelación integral que imos facer no campo municipal de Bastavales.
- e coa recente axuda que vimos de conseguir para renovar o campo municipal de Brión.

Vostede fala de política de abandono, nós falamos dun millón e medio de inversión en infraestruturas deportivas.

4. SOBRE O BONO CONCILIA.

Estes días fomos coñecedores do cambio de condicións na concesión das axudas en materia de campamentos e actividades de conciliación neste verán. Estes cambios fixéronse pola vía dos feitos consumados unha vez que as familias xa contaban co reembolso parcial do importe aboado. Como sen dúbida sabe o goberno municipal son aproximadamente 164 as familias do noso concello afectadas e uns 27.000 euros. Somos conscientes de que os responsables últimos son os políticos da Xunta de Galiza, en definitiva os socios de goberno do actual goberno municipal, pero entendendo que o que nos fai estar aquí a todos é o interese da veciñanza de Brión. Pensa dalgunha forma actuar o goberno municipal para conseguir que a perda económica destas familias sexa a menor posible? Vaise elevar algunha queixa aos socios da Xunta?

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala se da por contestada.

5. SOBRE A REPARACIÓN DA PONTE DO POZO NEGRO.

Remitímonos á pregunta feita por escrito o pasado 26 de agosto e que tivo “inmediata” resposta por parte do goberno municipal en apenas dúas horas, do cal non podemos mais que amosar inmensa ledicia e alegría. Como está a situación a día de hoxe?

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que a situación a día de hoxe é a seguinte: ordenouse a retirada da ponte deteriorada, construída hai aproximadamente quince anos pola veciñanza de Ons en colaboración co concello; xa daquela, Augas de Galicia trasladara a súa desconformidade ao tratarse dunha zona pertencente á Rede Natura.

Conscientes de que a ferverza do Pozo Negro é un dos recursos naturais máis importantes do municipio e tamén un dos seus principais atractivos turísticos, este equipo de goberno acordou asumir a substitución da ponte por outra. A día de hoxe, xa está definida a nova solución técnica e estamos tramitando todas as actuacións e permisos necesarios.

A nova ponte instalárase tan pronto dispoñamos deses permisos e cando se poidan executar os traballos nunhas condicións técnicas e ambientais de seguridade.

Teño que aclarar que a actuación municipal non se iniciou como consecuencia do escrito que presentou o BNG o pasado 26 de agosto, tanto as xestións, como a solución técnica como a decisión de retirar a ponte eran anteriores á presentación dese escrito.

En definitiva e contestando á súa pregunta: neste momento no concello estamos á espera da resolución das autorizacións sectoriais pertinentes para poder restituír o paso con todas as garantías de seguridade e protección ambiental.

O Sr. Alcalde sinala que a fixeron os veciños de xeito ilegal, sen permisos de ningunha clase; este ano pediuse unha subvención e foi denegada por iso.

6. SOBRE O ESTADO DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO XIMNASIO E PISCINA.

Temos varias queixas sobre o estado actual mellorable das instalacións municipais actualmente baixo xestión dunha concesión privada. Preguntamos se o concello é coñecedor das melloras a realizar e se ten algún calendario de actuación dentro dese inmenso traballo que parece vai facer en período electoral.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que no caso da piscina, como ben di na pregunta, falamos dunha concesión a unha empresa privada; unha empresa que cada mes ten a obriga de presentar un informe coas incidencias rexistradas, e teño que dicirle que só hai 1 queixa relacionada coa temperatura da auga nas duchas, e que a empresa concesionaria dinos que xa foi contestada.

7. SOBRE O LIXO ACUMULADO NA CONTORNA DE VILLA AMALIA E ARREDORES.

Varias veces trouxemos a este pleno a situación descontrolada do lixo que se vai acumulando nesta zona, co conseguinte perigo e ao mesmo tempo imaxe de sucidade que agardemos

solucionen antes de Santa Minia pola imaxe que todos queremos proxectar do noso concello. Estes vertidos de mobles e electrodomésticos son continuos e aumentan día a día polo que rogamos que o concello poña coto a extensión do mesmo e en todo caso se fora necesario sancionara a quen de forma repetitiva utiliza o espazo público como Sogama alternativa para non ter que acudir ao correspondente punto limpo ou chamar ao servizo municipal que existe para a recollida nos días que correspondan.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que vou tentar ser moi esquemática na miña resposta, pois vexo que non queren entender nin as explicacións que lles demos nesta mesma sala tanto o meu compañeiro José Antonio Vidal como eu mesma. A ver se facéndoo por puntos o queren comprender:

1º. Non hai descontrol ningún, mal que lles pese. Xa llo temos dito en moitas ocasións: é unha parcela municipal pechada ao público no que acumulamos e clasificamos os refugалlos ata a súa recollida por un xestor autorizado. Refugалlos que recollemos das vivendas das veciñanza e tamén procedentes de vertidos incontrolados.

2º. Perigo para a veciñanza? Ningún perigo. Repítolle, está prohibido o paso. Non se pode pasar á finca nin a pasear o can, nin a descargar lixo, nin a facer fotos para o Facebook. Nin veciñanza, nin concelleiros, nin responsable de redes ningún.

3º. E xa que lle digo isto último, saiban tamén que puxemos cámaras na parcela, sobre todo para que algunha que outra empresa aprenda que non pode andar tirando o lixo por calquera lugar. Sobre todo cando teñen a obriga de reciclar eses residuos. E podo indicarlle que xa se multou a unha persoa por entrar nunha zona prohibida e depositar lixo. E non será por que non houbera carteis de advertencia.

4º. Mentres non se poña en marcha outra solución viable, seguiremos empregando un método que funciona, que permite que fagamos unha reciclaxe efectiva e que é economicamente sostible para o concello. Non será o mellor? Pode ser, pero se cada dous baños que recollemos temos que levalo a Sogama, a ver como lle explica aos veciños a suba que habería que facer no recibo do lixo.

8. SOBRE OS CUSTOS DE “ADECUACIÓN” DO PALCO DA MÚSICA NA CARBALLEIRA.

Todo e que o faremos polos condutos formais, solicitamos neste pleno que se faga chegar a este grupo, seguindo a normativa de transparencia, cales foron os custos reais da adecuación do palco da música, de que administracións chegaron as achegas económicas e como e cales foron os criterios patrimoniais e técnicos para o encargo dos traballos.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que as obras de adecuación do palco da música melloran o seu estado exterior e permitiron a construción duns aseos públicos debaixo, nun espazo destinado a almacén. Foron recollidas no “Proxecto de investimento no palco da música da carballeira e divulgación dos recursos do territorio”, redactado pola arquitecta municipal, con data 29.05.2025. O presuposto de execución por contrata máis IVE ascende a 48.354,27 €.

As obras contan coa resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural por afectar a un ben que figura no catálogo do PXOM de Brión e por emprazarse na contorna doutros bens con protección estrutural como a Casa da Cultura, a antiga Casa do Concello ou a Casa do Campo; e outros con protección integral como son o Santuario de Santa Minia e a Fonte de Hermes.

As obras foron financiadas ao abeiro da Resolución do 16 de abril de 2025 de Agader, ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC).

A execución das obras foi licitada como contrato menor, mediante a solicitude a 3 empresas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, como poden comprobar na devandita plataforma.

O Sr. Alcalde sinala que vai estar aberto esta Santa Minia e os martes para dar servizo aos vendedores e compradores, e tamén nas saídas das andainas que saen de aí.

9.2. Rogos e preguntas formulados polo grupo municipal do PP:

- 1.- Solicitamos que na maior brevidade posible se proceda a limpar e asfaltar a pista que vai dende a capela do Tremo ata a aldea do Cabo.
- 2.- Solicitamos que na maior brevidade posible se proceda á poda de árbores do paseo do río Pego.
- 3.- Solicitamos que na aldea de Ons de Abaixo, que contan con 3 contedores verdes, se retire un deles e se cambie por un contedor amarelo.
- 4.- Vistas reclamacións presentadas polo estado do Pozo Negro, solicitamos de ser posible o arranxo da estrada que dá acceso ao paseo polo monte de acceso a este pozo negro así como os camiños do monte que dan acceso ás fincas de labranza da zona, xa que están todas desfeitas.
- 5.- Na pista que vai cara Babenzo, antes de chegar á farmacia de Bastavales hai polo menos 2 postes da luz que están rotos, solicitamos que se proceda ao seu arranxo na maior brevidade posible.

O Sr. Alcalde sinala que vai responder todas xuntas.

Con respecto a primeira dicir que está incluída no plan de traballo que facemos todos os anos co persoal do concello, oxalá poida facerse este anos antes de que cheguen as choivas.

Respecto da segunda dicir que o concelleiro sabe como está, se fixo este ano pero debe de quedar algún.

Respecto da terceira dicir que teñen razón, xa fixen a solicitude.

Respecto da cuarta e o tema dos camiños dicir que se fixo unha actuación con fondos de Agader, o concelleiro toma nota; e respecto dos postes de Babenzo o concelleiro o analizará

para ver se é competencia nosa ou das empresas e se é das empresas serán elas as que o teñan que facer.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González.